

## BASES DO CONCURSO

### “UNHA MULLER, UN TRABALLO IGUALITARIO”

#### **PRIMEIRA**

A Concellería de Cultura e de Muller e Familia organizan o Concurso *Unha muller, un traballo igualitario*, coa finalidade de conmemorar o Día Internacional da Muller que se celebra o 8 de marzo, así como apoiar a educación en igualdade, estimular a imaxinación dos/as máis pequenos/as e invitar á reflexión da poboación en xeral, ó mesmo tempo que se lle dá visibilidade e se normaliza a figura da muller en calquer ámbito de traballo.

#### **SEGUNDA. - Participantes**

Poderán presentarse ó concurso todas as persoas que así o desexen, sen límite de idade, e queiran que a súa proposta forme parte da conmemoración do Día Internacional da Muller que se presenta dende o Concello de Begonte.

#### **TERCEIRA.- Modalidades**

Cunha dobre intencionalidade, daráselle visibilidade ás mulleres traballadoras dende os distintos ámbitos laborais mostrando imaxes do seu día a día e inculcaranse nos/as máis pequenos/as os valores de igualdade entre ambos xéneros.

Polo tanto, existe unha única modalidade para participar no concurso:

- **FOTOGRAFÍA/IMAXE:** onde os/as participantes deberán subir unha fotografía dunha muller no seu posto de traballo, ben real, ben representada mediante disfraz ou debuxo, na que se dea visibilidade ó rol da muller na sociedade, intentando eliminar barreiras de xénero.

Esta imaxe subirana os propios participantes ás súas redes sociais utilizando o cancelo #8MBegonte.

#### **CUARTA.- Mecánica do concurso e prazo**

O concurso é válido para todas as fotografías subidas entre o 7 e o 13 de marzo (ambos inclusive).



Unha vez realizada a proposta, os concursantes deberán subila nas súas redes sociais incluíndo o cancelo #8MBegonte.

Só se considerarán válidas as fotografías ou debuxos que cumpran coa temática do concurso e cos requisitos especificados nestas bases, ademais de cumprir coa normativa vixente con respecto á Covid-19.

Unha vez colgada a fotografía nas súas contas persoais, deberán realizar unha captura de pantalla a modo de confirmación e enviala mediante Whatsapp ó número 619 455 026 ou por correo electrónico, enviando o arquivo xustificativo a [cultura@concellodebegonte.es](mailto:cultura@concellodebegonte.es).

Todas as propostas recibirán un detalle conmemorativo, polo que unha vez que remate o prazo de participación poderán recoller o seu premio, a partir do 15 de marzo, no Concello de Begonte.

#### **QUINTA.- Premios**

Premiarase a participación de todas as persoas que cumpran coas bases que se presentan neste documento.

Ademais, poderanse conceder un ou varios premios especiais dependendo da calidade e cantidade de participación no concurso.

#### **SEXTA.- Entrega de premios**

Teranse en conta as capturas de pantalla das publicacións das fotografías para ter acceso ó premio.

Poderanse recoller os premios a partir do luns 15 de marzo nas dependencias do Concello de Begonte.

#### **SÉTIMA.- Autorización do dereito de uso da imaxe e datos**

En cumprimento ó disposto pola Lei orgánica 03/2018 de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Begonte informa de que os datos persoais que se solicitan nestas bases serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Begonte, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para efectos informativos.



Tódolos participantes polo feito de participar, autorizan ó Concello de Begonte a realizar e utilizar as imaxes enviadas para o Concurso e facer uso delas de xeito respectuoso e responsable nas súas respectivas tarefas de información e difusión.

Se o desexa, pode acceder ós datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.

### **OITAVA- Responsabilidades**

A organización resérvase o dereito de rexeitar ou excluír da participación no concurso e en xeral da promoción de calquera participante que non reúna os requisitos descritos nas presentes bases, non cumpra cos termos de participación e contraveña as normas ou a finalidade do concurso.

A organización resérvase o dereito de denunciar ou pedir a eliminación da fotografía, se algunha imaxe vulnera os dereitos persoais, resulta ofensiva ou discriminatoria.

Os/As concursantes ceden os dereitos de imaxe das súas fotografías para que a organización poida usar o referido material para a promoción en calquera canle ou medio de comunicación.

Os/as participantes autorizan a que o seu nome de Facebook, Twitter e Instagram, e a imaxe coa que participa no concurso sexan publicados nas redes sociais da organización.

A fotografía non pode conter nin facer referencia a marcas e/ou produtos de terceiros con fins manifestamente publicitarios.

Todas as imaxes deben ser orixinais. Así mesmo, cada participante manifesta e responsabilízase de respectar os dereitos de imaxe e propiedade intelectual sobre o material. Se a organización detecta calquera tipo de plaxio, a imaxe será automaticamente descartada. Se a organización non o detecta e existe denuncia posterior, o autor será o único responsable.

A organización non se responsabiliza das posibles perdas de datos por problemas de mal funcionamento de *Facebook*, *Twitter* e *Instagram* ou internet. Ademais, a organización exclúe calquera responsabilidade por danos ou prexuízos de toda natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puideran deberse á utilización indebida dos servizos e dos contidos por parte dos usuarios e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e prexuízos que poidan deberse á suplantación da identidade dun terceiro efectuada por un usuario en calquera clase de comunicación realizada a través do portal.



Os participantes eximen á organización de toda obrigaón ou compensación, se por causa maior ou imperativo legal o presente concurso tivese que ser suspendido, situación que se poñería convenientemente no coñecemento dos participantes.

**NOVENA.-**

Os/As participantes, polo mero feito de participar no concurso, aceptan as presentes bases.

